

Chocolate - *iChocolate!*

Que engurrado quedou! Estiro o envoltorio azul e trato de alisalo cos dedos, con moito coidado. Sen querer, leo e releo en estado de tran-so as cinco letras escritas con rotulador negro permanente:

LUV U.R.

El sabía o que me gusta o chocolate; ás veces. O chocolate e mais o fútbol. Pero sobre todo el. El gustábame tanto...

LUV U.R.

*Makhulu** apoia a súa man rugosa e quente sobre o meu ombro:

—Jabu, tes que comer algo. Dubido que el quixese que pasases fame e te debilitases. Non o habería de consentir.

A avoa é tan maior... Ninguén o sabe con exactitude. Nin sequera ela mesma. Oitenta, noventa anos? Sempre ten as mans quentes.

LUV U.R.

O envoltorio azul é de papel de prata, aínda brilla; dunha libra de chocolate Cadbury, o caro, con noces enteiras. Regalouma el. Comprou a grande e custoulle máis de vinte *rand**: unha fortuna! No entanto, o rotulador negro permanente non sei de onde o sacou. Se cadra prestáronllo. As demais tintas esborranchan sobre o papel de prata.

LUV U.R.

Malia que non tiña móbil, coñecía as abreviaturas dos SMS mellor ca min. El só balbucía un par de palabras en *xhosa** e eu non tiña nin idea de

*shona**. Pero en inglés defendíámonos os dous de sobra. A noite que me regalou a libra de chocolate, arrimouse a min e murmuroume algo ao oído que ao principio non entendín.

Facíame cóxegas na orella e non puideren conter o riso.

—Que dis?

Pero el non estaba preparado para dicilo en voz alta. Coa súa forte man sobre a miña meixela, tróuxome de novo cara a el. Notei o seu cálido alento e daquela, cando me volveu murmurar por segunda vez ao oído «*Ndiyakuthanda, Jabulile!*», decateime de que falaba no meu idioma; deben aprender un par de palabras pola súa conta, quen llas ensinaría? Despois arredouse de min, máis do necesario, e miroume expectante.

—E logo?

—Si, eu tamén —musitei insegura—. Como progresas, non é nada doado de conxugar!

Un verbo que ata agora só o oín na televisión; case sempre nalgunha película romántica demasiado ridícula. A min, ninguén me dixera algo así. Os outros mozos eran imbéciles e ás veces berraban:

«Dás unha volta comigo, preciosa?» ou «Queres un biquiño?». Pero desde a outra beirarrúa, canto máis lonxe mellor, para que todo o mundo o oíse. Ante todo tratábase diso, de máis nada; era o único que lles importaba.

El quería que só o oíse eu: *Ndiyakuthanda* (quérote). Algo que custa dicir, á parte de como se conxugue. En calquera idioma, coído. Polo menos cando se di de verdade.

Cando miro as letras escritas sobre o envoltorio azul oio de novo a súa voz, como se a recuperase do esquecemento. Xa lle estaba cambiando, a voz, malia que apenas me levaba uns meses. Acababa de facer quince anos. Ás veces crebábase-lle e saíalle voz de pito, como a dun neno, aínda que case sempre soaba grave e viril. Pero non de mocíño novo senón de home. De cando en vez algo rouca, entón gargarexaba. A súa voz era un bálsamo para os meus oídos, tranquilizábame coma nada no mundo.

LUV U., escrito en letras maiúsculas, ben grandes e negras.

Love you.

E o R., o seu nome: Romeo.

Escapoume a risa a primeira vez que lle oín dicir: «Romeo e Xulieta!».

—Oxalá fose por iso —engadiu el despois, tamén no medio dun ataque de risa—, pero dubido que o meu pai soubese quen era Shakespeare. El devecía polos coches, sobre todo polos caros, polos de importación. O seu favorito, con diferenza, era un coche de carreiras italiano que viu en Harare en determinada ocasión, mentres visitaba o seu irmán máis vello: un Alfa Romeo. Se fose rapaza probablemente me chamaría Alfa... E o teu? —preguntou de súpeto, picado pola curiosidade—, que significa *Jabulile*?

—Escolleuno *makhulu*; ela foi a que me criou. A miña nai morreu no parto. Foi un duro golpe, imaxina que tristes estaban todos. A avoa conta de min que xa de bebé sempre trataba de lles facer rir. Unha cativa de dous meses converteuse na *show woman* da familia; ou algo parecido. *Jabulile* significa: a que fai feliz os demais.

Romeo sorriu con picardía.

—A túa avoa ten razón! Imaxínote perfectamente traballando nun circo.

—Ah, si? Como pallasa entre número e número ou que? —repliquei molesta.

El desdixose decontado.

—Non, non, referíame como cantante ou bailarina, trapecista! Cun deses vestidos tan curtos...

—A ti fáltache unha cocedura! —interrompino, sen parar de rir—. En todo caso, boxeadora, así deixaría k.o. a todos os homes; ou non, mellor, loitaría contra os leóns.

Iso pareceu persuadilo; deuse por vencido.

—De acordo, esquezámoslo... Jabulile, es a primeira persoa que me fai tan feliz; tamén a min —engadiu daquela de improviso.

Case sempre nos viamos pola noite. Despois do adestramento, achegábame ao seu refuxio clandestino. Ninguén coñecía o noso acocho. Entón eu aínda xogaba ao fútbol. No primeiro equipo feminino da historia do noso *township*. E non o facía mal, era boa; desde había un par de semanas, de feito xogaba como centrocampista.

Despois daquela terrible noite non volvín pisar un campo de fútbol; nin para ver un partido nin para adestrar. Non como e só bebo un grollo de auga de cando en vez. Xa non fago feliz a ninguén.

Non atopo unha razón para seguir vivindo. Sen el.

Todo aconteceu apenas hai uns días. Aínda podo oír como berraba o meu nome. Aínda lembro o olor da suor sobre a súa pel, despois dun longo día de traballo na empresa de construción. Véxoo coxear diante miña; a secuela dunha poliomielite que padeceu de neno. Podería describir moi polo miúdo cada unha das súas aperturas; o tacto, a presión dos seus brazos. Aquela proximidade, firmeza e calidez.

Malia que só teño trece anos, son unha moza forte; aínda así, nunca me sentira tan segura e protexida coma con el. Lembrábame un pouco a avoa, a cando me levaba á cama de pequena. Daquela, tamén pensaba: «Estou a salvo, podo durmir tranquila: non estou soa».

Tan segura... Ata aquela noite.

Apenas semellan quedar secuelas do que ocorreu. De novo reinan a paz e mais a orde no noso *township*. As rúas volven estar limpas e recollidas; case. Apenas quedan xornalistas. Só a policía segue a patrullar a zona con regularidade, sobre todo polas noites. Amorearon os restos carbonizados das chozas incendiadas á saída da estrada, xusto ao carón da paraxe do taxi colectivo. Oxalá fose posible obviar ese vertedoiro e o cheiro a queimado que desprende; por un intre, crer que todo foi un pesadelo.

E as vítimas? Desapareceron sen deixaren nin rastro. Todas elas; vivas e mortas. Polo momento. Corren rumores de que trasladaron os superviventes a un campo de refuxiados da costa. Polo verán, alí adoitan montar un mísero campamento que apenas conta cun par de latrinas rudimentarias. Un total de dous mil nenos, mulleres e homes. Expedidos e despachados en camións como gando, sen miramento ningún. Procedentes do noso *township* e tamén doutros.

O campo de refuxiados leva o fermoso nome *afrikáans** de *Soetwater*: Auga Doce. Á parte do

nome, pouco ou nada ten de doce. É un lugar inhóspito, exposto ás inclemencias do tempo, no que agora, en pleno inverno, nin sequera a un can se lle habería de ocorrer vagabundear por alí. En ocasións a violencia dos temporais arrastra grandes masas de auga escumante terra dentro que cobren o terreo cunha fría e húmida cotra de salitre.

Darí o que fose, a miña vida, con tal de que el se atopase alí; cando menos el. Daquela, aínda que fose o último que fixese, levaríalle comida; sen importar o que dixese o meu pai. E mantas. E planearíamos xuntos a nosa fuxida. A súa volta ao fogar, ao noso fogar. Ou marcharía con el ao seu país, a Cimbabue*. O amor move montañas. Cando estás namorado, o demais non importa; sempre que non esteas só...

Así estou agora, sentada diante da *spazashop** do meu pai: *Supa-Cash*. O nome apenas se distingue no gran letreiro branco e vermello de Coca Cola, bastante desconxuntado, que pendura sobre a porta de entrada. Xa non levo a vendaxe, un pequeno apósito sobre a caluga abonda para cubrir o lugar onde me alcanzou a pedrada.

Dentro da escura tenda, a voz imperiosa do meu pai requíreme:

—Yiza, ven, aínda tes que varrer, non me podo ocupar de todo!

Eu nin respondo. En circunstancias normais xa sairía feito unha furia e berraríame ou mesmo me tiraría dos pelos. Desde aquela noite, así e todo, déixame facer e desfacer ao meu antollo. Só falamos o indispensable.

A Lonwabo, o meu irmán máis vello, nin sequera lle dirixo a palabra. Endexamais o perdooarei. El estivo presente aquela noite. E tanto me ten que ao final cagare nos pantalóns e se arrepentise, foi el quen incitou os seus amigos. Só con velo pñoome enferma.

A única que me queda é *makhulu*; a miña confidente, nela podo confiar. Sen coñecer a Romeo de nada, está da nosa parte.

Esta noite faime compañía; está sentada aquí, ao meu carón, sobre o banco coxo de madeira que hai á entrada da tenda do meu pai. Garda silencio, o seu cabelo cano refulxe prateado á dourada luz da tardiña.

—Mira —di, segundo o sol desaparece detrás da casa de en fronte e sopra unha fresca brisa nocturna—. Toma, isto é para ti.

É un groso caderno con tapas de hule negro sen estrear; cada unha das súas páxinas está en branco: nin unha palabra, nada. Lémbreme os cadernos do colexio. Míroa con xesto interrogativo cando o deposita sobre a miña man, como un tesouro.

—Para que gardes o envoltorio do chocolate —explícame coa súa voz profunda, mentres acende unha pipa de cano longo e lle dá varias chuchadas, ata asegurarse de que prendeu—. E todo aquilo que non queiras esquecer, imaxino que moito...

Sempre levo o envoltorio azul comigo; a todas partes. Nunca me separo del. Nin sequera pola noite; tranquilízame sabelo baixo a almofada. Durante o día, prego a súa declaración de amor ata que me cabe no peto traseiro do pantalón vaqueiro. É a única lembranza palpable, e polo tanto real, que aínda me queda del.

O demais segue dentro de min, moi, moi dentro. Quizais sepultado.

O accidente - *Ingozi*

Despois de tantos meses de espera e de todos os nervios, o festival deportivo do noso *township*, sobre todo para min, foi un desastre. Que eu lembre, endexamais estivera tan fea. É un festival anual, polo menos en Masi (o noso *township*), e sempre cae en luns de Pascua que, en África, coincide co Día da Familia. Aquel ano celebrábase cedo, de modo pouco usual, pois aínda era marzo.

Desde había semanas, as mozas do *Vuka Intombi*, o noso club de fútbol, non pensaban noutra cousa; eu incluída. O nome do equipo ocorréusenos a nós: *Vuka* significa algo parecido a «ánimo, veña, esperta!» e, no noso idioma, chámaselles *intombi* ás fillas adolescentes. A mensaxe estaba clara como a auga: «As adolescentes, ao ataque! Vós podedes: xogades ao fútbol tan ben coma os mozos, ou incluso mellor!».